

Vigo, 5 de Diciembre 1968

PA/fr.

Sra. Dña.

VIRXINIA PEREIRA RENDA
Viuda de Estelao
Belgrano 2605 - 7º

Buenos Aires

Paz

Querida Virxinia:

Recibo a tua carta do 24 de Nadal. Da lectura do contrato que me remites, desprendese que ALIANZA EDITORIAL S.A., non respeta algunhas rectificacións e aclaracións que eu fixera.

Unha d-elas limitaba a 10 anos o termino das tuas obrigas, ficando despois en liberdade pra facer as edicións que quixeras, no formato do tipo bulso.

Penso que unha estipulación por tempo inimitado non se deberá poñer no contrato. E certo que a Editorial obrigase a non ter desgastado o libro pos mais d-un ano, condición moi difícil de probar si os titulares do dereito do autor pretenden conseguir a reversión. Escribirei a Ortega n-este senso, mais se non aceptara penso que se debería transixir nos termos en que está redactado o contrato. Xa te informarei do que conteste.

Quero aproveitar a oportunidade pra facer a manifestación que ti xa presintes. Aquela que ao chegar a data do 7 de Xaneiro, desperta sempre en nos si e que n-aquel intre adormece.

Pol-o demais, con Pilar e Alfonso -que se atopa agora entre nos- facemos os mais sentidos votos pol-a tua prosperidade e pol-o ben de Galiza no ano que vai entrando.

Recibe unha cordial aperta do teu sempre amigo incondicioal,

V. PAZ-ANDRADE